

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de febreiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaseis de febreiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(71).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de febreiro e extraordinaria e urxente do 8 de febreiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(72).-RELACIÓN DE SENTENZA, AUTOS E DECRETOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos polo servizo de Asesoría Xurídica:

a) Expte. nº 10156/111. Decreto do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 496/2016 PO. Demandante: D. JOSE ANTONIO CASTRO DUARTE. Obxecto: Resolucións do 30/04/2016 e 18/11/2016. Reclamación en relación coa vivenda do Centro Escolar (Expte. nº 4673-243). Desestimento do demandante.

b) Expte.nº 10128/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 486/2016 PA. Demandante: D^a ANA M^a OSORIO CALLES e D^a M^a ISABEL OTERO MÉNDEZ. Obxecto: XGL 26/8/2016 Solicitud de permuta (Expte. nº 27986-220). Estimado o recurso.

c) Expte.nº 10047/111. Auto do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 443/2016 PA. Demandante: D^a MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ NOVOA. Obxecto: Resolución do 18/10/2016. Reclamación patrimonial administrativa, danos por entrada de augas na vivenda (Expte. nº 5029-243). Declara a caducidade do recurso.

d) Expte. nº 9256/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 361/2015 PO. Demandante: ORANGE S.A.U. Obxecto:Resolución de 27/02/2015 do TEA do Concello de Vigo (e indirecta contra Ordenanza Fiscal nº 35), Taxas ocupación de dominio público 2014 (Exptes. 3536/550 e 29869/502). Desestimado o recurso.

e) Expte.nº 10079/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 361/2016 PA. Demandante: COMUNIDADE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE VALADARES. Obxecto: Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Sanción por infraccións da lexislación de residuos. Estimado o recurso.

f) Expte. nº 10048/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 445/2016 PA. Demandante: D^a MARIA BEGOÑA LIBOREIRO MEIRA. Obxecto: Resolución do 27/06/2016 Solicitud de reingreso na Policía Municipal (Expte. 27956/220). Desestimado o recurso.

g) Expte. nº 10312/111. Auto no X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 554/2016. Autorización entrada en domicilio. Demandante: D. JULIAN SAMPEDRO SAMPEDRO. O Auto inadmite a solicitude dun particular por falta de lexitimación activa.

h) Expte.nº 10157/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 500/2016 PA. Demandante: D^a LETICIA FIGUEROA FIGUEIRAS. Obxecto:Desestimación presunta. Reclamación patrimonial administrativa, danos por augas pluviais. Desestimado o recurso.

i) Expte.nº 10121/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 481/2016 PA. Demandante: D. IVAN JULIO RAMOS MARTINEZ. Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Nomeamentos o 08/07/2016

XGL, por “lista” de agarda de Oficiais-Coidadores laborais temporais do Zoo. Desestimado o recurso.

k) Expte. nº 9576/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no RC-A nº 344/2015 PA. Demandante: D. FERNANDO JOSÉ RIVERA PINO. Obxecto: Desestimación presunta de reposición (31-08/2015). Sanción Tráfico, estacionamento en carga e descarga. Desestimado o recurso.

l) Expte. nº 10089/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 435/2016 PA. Demandante: D^a MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ PÉREZ. Obxecto: Resolución TEA Concello Vigo do 15-04-2016. Rectificación de autoliquidación do IIVTNU. Desestimado o recurso.

m) Expte. nº 10222/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 526/2016 P.A. Demandante: D^a ESTEFANIA ALONSO GONZALEZ. Obxecto:Resolución do Concello de Vigo sobre reclamación patrimonial administrativa, caída na vía publica, en obras, o 24-2-2015 (Expte. nº 4693-243). Desestimado o recurso.

n) Expte. nº 10190/111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 515/2016 PA. Demandante: D./D^a DORU IONEL ONUT. Obxecto: Sanción Tráfico. Acepta o desestimento do demandante.

o) Expte. nº 10086/111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 731/2016. Demandante: D^a MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ PÉREZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016) Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

p) Expte. nº 10077/111. Sentenza do X. Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 735/2016. Demandante: D^a JULIA ROUCO GONZÁLEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016) Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

q) Expte. nº 10072/111. Sentenza do X. Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 728/2016. Demandante: D^a PILAR CABALEIRO CABALEIRO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

r) Expte. nº 10071/111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 723/2016. Demandante: D^a BEGOÑA PÉREZ MINIÑO. Obxecto:

Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

s) Expte. nº 10085/11. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 742/2016. Demandante: D^a MARÍA CARMEN IZQUIERDO MARTÍNEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

t) Expte. nº 10105/111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 764/2016. Demandante: D^a MARÍA CARMEN VÁZQUEZ BROULLÓN. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

v) Expte. nº 10069-111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo no procedemento Ordinario nº 769/2016. Demandante: D^a ANTONIA FERNÁNDEZ SENDIN. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016) Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimado parcialmente o recurso. Absólvese ao Concello.

w) Expte. nº 10028/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Procedemento Ordinario nº 763/2016. Demandante: D^a MARÍA DOLORES GARRIDO CORES. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimado parcialmente o recurso. Absólvese ao Concello.

x) Expte. nº 10043/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo no procedemento Ordinario nº 759/2016. Demandante: D^a BEGOÑA COUTO MARTÍNEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016) Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimado parcialmente o recurso. Absólvese ao Concello.

z) Expte. nº 10040/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo no procedemento Ordinario nº 751/2016. Demandante: D^a ISOLINA PENA BARREIRO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-

2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimado parcialmente o recurso. Absólvese ao Concello.

aa) Expte. nº 9919/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo (Reforzo) no Procedemento Ordinario nº 734/2016. Demandante: D^a FE FIGUEROA SALGUEIRO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

ab) Expte. nº 9920/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 736/2016. Demandante: D^a ANTONIA SAMPEDRO PEINO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

ac) expte. nº 10076/111. Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 736/2016. Demandante: D^a MARÍA ALMUDENA ARAÚJO PRADO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

ad) Expte. nº 9921/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 737/2016. Demandante: D^a INÉS ESTÉVEZ SANTAMARÍA. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

ae) Expte. nº 9924/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 741/2016. Demandante: D^a MARÍA CARMEN HERNÁNDEZ CABADAS. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

af) Expte. nº 10106/111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 765/2016. Demandante: D^a MARÍA TERESA PARCERO ÁLVAREZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

ag) Expte. 10075/111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 740/2016. Demandante: D^a MARÍA CARMEN PÉREZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

ah) Expte. nº 9922/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 738/2016. Demandante: D^a NIEVES ALONSO RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

ai) Expte. nº 10074/1131. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo no procedemento Ordinario nº 741/2016. Demandante: D^a BEGOÑA SUÁREZ BLANCO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

ak) Expte. nº 10073/111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 738/2016. Demandante: D^a DIVINA GROBA LEDO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

al) Expte. nº 10070/111. Sentenza do X.do Social nº 2 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 727/2016. Demandante: D^a ANA MARÍA GARCÍA LEIRÓS. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

am) Expte. nº 10042/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 757/2016. Demandante: D^a MARÍA ROSARIO DA VILA FERNÁNDEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

an) Expte. nº 10041/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo no procedemento Ordinario nº 753/2016. Demandante: D^a MARIA TERESA VALVERDE BARRIO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos

contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada en parte a demanda. Absólvese ao Concello.

ao) Expte. nº 9982/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 747/2016. Demandante: D^a MARTA RODRÍGUEZ COSTAS. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

ap) Expte. nº 10005/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 746/2016. Demandante: D^a MERCEDES PIÑEIRO DOMÍNGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

aq) Expte. nº 10007/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 756/2016. Demandante: D^a EMILIA BAR PÉREZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada a demanda. Absólvese ao Concello.

ar) Expte. nº 9984/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 762/2016. Demandante: D^a MARÍA CRISTINA ÁLVAREZ MANEIRO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

as) Expte. nº 10008/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 758/2016. Demandante: D^a MARÍA BEGOÑA LAGO RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas – expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

at) Expte. nº 9915/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 724/2016. Demandante: D^a MARÍA ARACELI SALGUEIRO FERNÁNDEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

au) Expte. nº 9916/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 725/2016. Demandante: D^a ROSA MARÍA MOSQUERA CAMINO. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

av) Expte. nº 9907/111. Sentenzas do X. do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 726/2016. Demandante: D^a MARÍA CELIA CARIDE RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

aw) Expte. nº 9908/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 727/2016. Demandante: D^a MARÍA TERESA LÓPEZ TORRES. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

ax) Expte. nº 9917/111. Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 729/2016. Demandante: D^a AURORA PEREIRA FERNÁNDEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

az) Expte. nº 9918/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de Vigo (Reforzo). Procedemento Ordinario nº 732/2016. Demandante: D^a NURIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes. Contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11-4-2016). Reclamacións Previas - expte. 4017/440 (XGL 7-10-2016). Estimada parcialmente a demanda. Absólvese ao Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(73).-PROPOSTA PARA A CREACIÓN DUN FICHEIRO AUTOMATIZADO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “FICHEIRO DE ACTIVIDADES DO PLAN LOCAL DE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS DE VIGO (PLDA)”. EXPTE. 133129/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/02/17, asinado polo xefe do Servizo de Cedro, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, o xefe de área de Benestar Social, e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en materia de drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo (PLDA) propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local.

II. Ademais, desde o PLDA desenvólense periodicamente unha serie de programas e actividades de prevención do consumo de drogas no ámbito escolar e de información e sensibilización neste tema, incluíndo tamén ás familias e a outros colectivos de interese: Programas "NON PASA NADA ¿PASA ALGO?"; "ODISEA", "CINE E SAÚDE"; "MÁIS QUE UN TEITO", "EN FAMILIA TODOS CONTAN", "ENTRE TODOS", "ACTIVA" (mediadores xuvenís), "CAMBIO DE SENTIDO" (alumnado de autoescolas), "FORMACIÓN DE MEDIADORES SOCIAIS EN PREVENCIÓN", "PENÉLOPE" (mulleres), "AO ALCANCE" (ámbito laboral), etc.

III. Para a xestión das diversas actividades formativas e divulgativas do PLDA faise necesaria a creación dun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, que se denominará «FICHEIRO DE ACTIVIDADES DO PLAN LOCAL DE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS DE VIGO (PLDA)» e que terá como finalidade posibilitar a tramitación e resolución das solicitudes de participación nas diferentes actividades do Plan, así como a xestión administrativa das mesmas e o envío de información relacionada, limitándose a cesión de ses datos para a finalidade indicada ás entidades colaboradoras implicadas na súa realización.

IV. A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) obriga ó rexistro dos ficheiros que conteñan información de natureza persoal perante a «Agencia Española de Protección de Datos». A creación de novos ficheiros das Administración Públicas deberá facerse mediante a disposición xeral ou o acordo correspondente e publicarse no diario oficial que proceda (Arts. 20.1 LOPD e 52.1 RD.1720/2007). En todo caso, a disposición ou acordo deberá ditarse e publicarse con carácter previo á creación, modificación ou supresión do ficheiro de que se trate.

Vista a necesidade de crear ese ficheiro de titularidade pública e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Crear o ficheiro automatizado de datos de carácter persoal da Concellería de Política Social denominado «FICHEIRO DE ACTIVIDADES DO PLAN LOCAL DE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS DE VIGO (PLDA)», cuxas características se especifican no ANEXO, que contén a información esixida nos Arts. 20.2 da LOPD (LO.15/1999) e 54.1 do RD.1720/2007 para o acordo/disposición de creación dos ficheiros.

SEGUNDO: O titular do órgano responsable deste ficheiro adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a confidencialidade, os dereitos e as obrigas recoñecidas na Lei. Os datos de carácter persoal do ficheiro só serán utilizados para ós fins expresamente previstos e polo persoal debidamente autorizado e unicamente poderán

ser cedidos para a finalidade prevista ás entidades implicadas na realización das actividades do PLDA.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificalo á «Agencia Española de Protección de Datos» para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días desde a publicación do acordo de creación no BOP (Art. 55.1 RD.1720/2007)».

ANEXO

Ficheiro de nova creación da Concellería de Política Social do Concello de Vigo:

- 1) Nome: «FICHEIRO DE ACTIVIDADES DO PLAN LOCAL DE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS DE VIGO (PLDA)».*
- 2) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro: Concellería de Política Social. Concello de Vigo (Oficina Técnica PLDA – CEDRO).*
- 3) Finalidade do ficheiro e uso previsto: creación dunha base de datos co fin de tramitar e resolver as solicitudes de participación nas diferentes actividades do PLDA así como a xestión administrativa das mesmas e o envío de información, limitándose a cesión de datos para tal finalidade a entidades implicadas na realización desas actividades.*
- 4) Persoas ou colectivos dos que se pretende ter datos de carácter persoal: persoas interesadas nas diferentes actividades do PLDA.*
- 5) Procedemento de recollida de datos: follas de inscrición das diferentes actividades formativas e divulgativas e formularios de solicitude de información.*
- 6) Estrutura básica do ficheiro: base de datos.*
- 7) Medidas de seguridade: nivel básico.*
- 8) Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercerse, de ser o caso, a través de escrito asinado para o efecto, acompañado de fotocopia do DNI, dirixido á Oficina Técnica do PLDA – CEDRO (Concellería de Política Social).*

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(74).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIAS. EXPTE. 2288/500.

Dáse conta da proposta de data 10/02/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de febreiro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

- Lote A

| Licitador | Puntuación total | Preferencia lote |
|---|------------------|------------------|
| LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. | 95,18 | Lote B |
| SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.-L.U. | 90,978 | Lote A |
| EIBISA NORTE, S.L. | 76,811 | Lote B |

- Lote B

| Licitador | Puntuación total | Preferencia lote |
|---|------------------|------------------|
| LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. | 95,18 | Lote B |
| SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.-L.U. | 90,978 | Lote A |
| EIBISA NORTE, S.L. | 76,811 | Lote B |

Segundo.- En cumprimento do apartado 17E das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares (“O licitador que obtivera a máxima puntuación será adxudicatario do Lote da súa preferencia, resultando adxudicatario do Lote restante, o licitador que obtivera a segunda mellor puntuación”) e atendendo á preferencia dos lotes indicada polos licitadores nas súas proposicións, procede requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar no lote B, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L., e ao licitador clasificado no segundo lugar no lote A, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.791,01 euros (895,51 cada un) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(75).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EXOTARIUM E BOLBORETARIO DE VIGOZOO. EXPTE. 7172/612.

Dáse conta da proposta de data 10/02/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de febreiro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| <i>Licitador</i> | <i>Puntuación</i> |
|---|-------------------|
| <i>DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)</i> | <i>100</i> |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar, DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese, que de conformidade coa citada cláusula 8, a solvencia técnica acreditarase mediante “Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún*

dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato". En base a isto, só se terán en conta contratos cun obxecto igual ou similar ao deste contrato, consistente na "prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo" (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP), coas funcións detalladas no prego de prescricións técnicas particulares.

4. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(76).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA E TRANSPORTE DE FONDOS NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 7173/612.

Dáse conta da proposta de data 10/02/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de febreiro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| Licitador | Puntuación |
|--------------------------------------|------------|
| GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. | 100 |
| UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. | 2,73 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio, así como a pertinente autorización para a realización do transporte e distribución de efectivo.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(77).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “A GRAN BIKEADA 2017”, OS VINDEIROS 10 E 19 DE FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 15671/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data do 10/02/17, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Social Ciclismo Fan Manager, co CIF (G-27769397), solicitou o día 18-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160156694), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: A GRAN BIKEADA
- Data: 18 -19 de febreiro de 2017
- Horario: 18 (11.30 a 19.00h) e 19 (9.00 a 19.00h)

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar os vindeiros días 18 e 19 de febreiro de 2017. O sábado 18 terá lugar entre as 11.30 e as 19.00h un circuito de ciclismo infantil e o domingo 19 terá lugar a proba de bicicleta de montaña de gran fondo que comenza ás 9.00h e rematará entre as 13.00h e as 17.00h co seguinte percorrido (Vigo-Encoro de Eiras-Vigo), a saída será dende Montero Rios para seguir por Garcia Olloqui, Colón, Urzáiz enlace Travesía de Vigo, Jenaro de la Fuente, Aragón, Avda. Aeropuerto,

Cantabria, Pouleira, Camiño Poulo, Senda Traida de Auga, cruce estrada da Madroa, para regresar pola rúa Vista do Mar, Cantabria, Avda. Aeropuerto, Jenaro de la Fuente, Travesía de Vigo, Urzáiz, República Arxentina, Areal, Praza de Compostela, Paseo Montero Rios onde rematará a carreira.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

Así mesmo adxuntase as solicitudes de autorización dos informes da Autoridade Portuaria e da Delegación Territorial de Pontevedra da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administración Pública de Xustiza da Xunta de Galicia.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Social Ciclismo Fan Manager a organizar o evento denominado A GRAN BIKEADA 2017, que terá lugar os vindeiros 18 e 19 de febreiro de 2017, O sábado 18 terá lugar entre as 11.30 e as 19.00h un circuíto de ciclismo infantil no paseo de Montero Rios e o domingo 19 terá lugar a proba de bicicleta de montaña de gran fondo que comenará ás 9.00h e rematará entre as 13.00h e as 17.00h co seguinte percorrido (Vigo-Encoro de Eiras-Vigo), a saída será dende Montero Rios para seguir por García Olloqui, Colón, Urzáiz enlace Travesía de Vigo, Jenaro de la Fuente, Aragón, Avda. Aeropuerto, Cantabria, Pouleira, Camiño Poulo, Senda Traida de Auga, cruce estrada da Madroa, para regresar pola rúa Vista do Mar, Cantabria, Avda. Aeropuerto, Jenaro de la Fuente, Travesía de Vigo, Urzáiz, República Arxentina, Areal, Praza de Compostela, Paseo Montero Rios onde rematará a carreira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(78).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE. 15815/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1/02/17 e o informe de fiscalización do 10/02/17, dáse conta do informe-proposta do 30/01/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Club Vigo Voleibol polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Vigo Voleibol conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría Superliga 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Vigo Voleibol e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Vigo Voleibol para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8

o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Vigo Voleibol durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Vigo Voleibol para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Superliga 2 na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.
- SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 47.000,00€. a favor da entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. ____/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.
- TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE elite NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. ____/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade Club Vigo Voleibol CIF: G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. _____/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Vigo Voleibol conta cun equipo de elite que participa na categoría Superliga 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Vigo Voleibol impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a

normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Coruxo F.C. durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Coruxo F.C. para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría 2ªB na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 100.000,00€. a favor da entidade Coruxo F.C. co CIF: G-36708212 e enderezo social na rúa Carretera do Vao, S/N, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15814/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO F.C. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15814/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade Coruxo F.C. CIF: G-36708212 e enderezo social na rúa Carretera do Vao S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15814/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Coruxo F.C. conta cun equipo de elite que participa na categoría 2ªB desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Coruxo F.C. desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Coruxo F.C. impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol e o patinaxe en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.17 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 100.000,00€, a favor da entidade deportiva Coruxo F.C.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Coruxo F.C. na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Coruxo F.C. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15814/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Coruxo F.C. o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Coruxo F.C. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2016/2017.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Coruxo F.C. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Coruxo F.C. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Coruxo F.C. unha subvención por importe de 100.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.17 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as*

esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

11(81).- TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DE SOLICITUDES SOBRE A CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2017: CANDIDATURAS BANDEIRA AZUL E SENDEIROS AZUIS. EXPTE. 12362/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 7/02/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- ADEAC “Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor”, entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE “Foundaticion for Environmental Educación”, organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en catro áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NN.UU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CC.AA. litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con nove bandeiras azuis no ano 2016, correspondentes os nove areas do termo municipal propostos para o galardón: areas da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras e tres sendas azuis denominadas “camiño a beiramar”, “Entre Faros” e “Senda do Litoral e Monte de Guía”..

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2017:

- Candidatura de nove areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2017: areas da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovacións dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2017: Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”, “Senda entre Faros nas Illas Cies” e “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”,

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

Fundamentos de dereito

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19/06/2015 competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areas, exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvendo diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando tódolos anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con

calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condición esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítase a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2017:

- Candidatura de nove areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2017: areas da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2017:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”. Discorre: Inicia o seu percorrido na Avda. de Madrid e segue o curso do río Lagares durante máis de 8,1 Km ata chegar ás proximidades da súa desembocadura onde se bifurca en dous trazos que, bordeando a costa, nos levan cara ao leste ao areal do Adro (4,5 km), e cara ao oeste ao areal de Canido (2,6 Km)

b) “Senda Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional.

c) “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico.

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 12362/306 en exemplar en papel e en formato dixital (CD).

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 19/06/2015 (BOP 14/07/2014) esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas pola Área de Medio Ambiente deste Concello a ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de nove areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2017: areal da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiro Azuis para o 2017:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “camiño á Beiramar”. Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

b) Senda Entre Faros nas Illas Cíes que partindo da praia de Rodas, bifurcase e chega ata o faro da illa norte ou de Monteagudo e ata o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media.

c) Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis, que transcorre polo monte da Guía, Praia da Punta e Etea en Teis.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(82).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL POLO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO QUE REGULA A COBERTURA DE RISCOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO E A PRÓRROGA DO MESMO. EXPTE. 7969/445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 8/02/17, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de viais municipais, o xefe da Área de Fomento, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos xurídicos dos Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29/12/2016 adoptou o acordo da proposta de modificación do contrato que regula a cobertura de riscos de flota dos vehículos a motor de titularidade do Concello de Vigo e prórroga do mesmo. (Expd. 7969/445)

2.- En diferentes apartados do informe proposta remitido para a súa aprobación no acordo antedito refírese como compañía subscriptora do contrato á mercantil MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A CIF-A-28141935.

4.-Na data 1 de xaneiro 2016 a empresa Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros S.A pasou a denominarse Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., según comunicación recibida neste Concello coa sinatura do Consejero Delegado de Mapfre España don José Mnauel Inchausti Pérez e rexistrada con data 07/01/2016 (nº rexistro: 20171/517)

II.- Proposta

Á vista do anteriormente exposto, e co motivo de que o acordo adoptado en data 26/12/2016 poida ser trasladado correctamente á redacción dun novo contrato, propónse corregir o erro e one di:” MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS

S.A." deberá dicir: "MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., agora co nome MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(83).- PROPOSTA DE ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BALAIÓDOS 63 DE CANTIDADE EN CONCEPTO DE COTA DE PARTICIPACIÓN POLOS TRABALLOS DE ARRANXO DA RAMPLA DE ACCESO AO GARAXE E TERREO COLINDANTE E RECIBOS DE ENTRADA DE VEHÍCULOS ANOS 2011-2015. EXPTE. 342/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/02/17, dáse conta do informe-proposta do 9/01/17, asinado pola técnica de Admón. Especial-Economista de Patrimonio, o xefe de dito Servizo, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Pola Administradora de fincas **Maigler**, en representación da Comunidade de propietarios de Balaídos nº 63, en escrito presentado neste Concello, en data 15/04/2015, poñen en coñecemento do mesmo, como titular do terreo cedido mediante escritura pública de data 1 de decembro de 1995, por "Promociones Vicasín" a favor do Concello de Vigo, quén acepta as fincas para ser destinadas a zona verde de uso público, a pretensión de dita Comunidade de contratar a unha empresa para realizar os traballos de arreglo da rampa de acceso o garaxe e terreo colindante, debido o estado de deterioro que presenta.*

O terreo á que se fai referencia, aparece descrito na escritura de segregación, declaración de obra nova e división horizontal, otorgada o 04-10-76 có número 3980 de protocolo, no expósito II da mesma, na cal sinalase que ó Concello corespondelle unha cuota de participación do 20% nos gastos que por todos os conceptos, incluído o de entrada de carruaxes, cause a rúa interior o pasadizo cuberto e rampa que da acceso as vivendas, sotano e terreo anexo ó mesmo e ó terreo segregado na exposición segunda e edificacións que sobre esos terreos se executen.

*Posteriormente, dita administradora de fincas, mediante escrito presentado en en data 3 de agosto de 2015, achega escrito no que expón que a Comunidade de propietarios, na xunta celebrada o 21 de abril de 2015, adoptou o acordo, entre outros, de presentación e aprobación do presuposto para arreglo da rampa de acceso o garaxe e terreo colindante, presentado pola entidade "**AYCAR, proyectos e instalaciones**" por un importe de 5.238,88 €, ive engadido, fixando para facer frente a tal gasto unha cuota extraordinaria de 75 €, por praza de garaxe, perante os meses de mayo, junio e e xullo de 2015.*

En data 27 de mayo de 2016, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello en data 160068739, presenta certificación expedida polo administrador de fincas D. Antonio Maigler Ropa, á que achegan certificacións do tesoureiro municipal dos recibos de exaccions unificadas dos anos 2011 a 2015, ambos incluídos, polos conceptos de entrada de vehículos e lixo por importe de 2.309,22 €, así como presuposto, citado anteriormente, da obra de reparación da rampa de entrada ó garaxe, que dado a cuota de participación do

Concello do 20 %, éste adeuda en data 25 de novembro de 2015 á comunidade a cantida de 1.549,62 €.

Unha vez revisados por este servizo a relación de gastos, entendese que ó Concello correspondelle únicamente do total do recibos de exaccións unificadas, os gastos correspondentes a entrada de carruaxes, que en total ascende á cantidade total de 1.552,20 €, xa que o importe xirado en concepto de lixo non lle é de aplicación a esta administración o non ser suxeto pasivo de dita tasa, polo que non estaría obrigado a tal pago según se recolle na correspondente ordenanza fiscal de tributos e prezos públicos do ano 2016.

Feito novamente o cálculo, tendo en conta solamente o importe da cuota de entrada de carruaxes e o importe do presuposto do arranxo da rampa (5.238,88 + 1.552,20 = 6.791,08 €) e dado que ó Concello correspondelle unha cuota de participación do 20%, o total da deuda que tería que abonar esta Administración ascende a **1.358,22 €**.

Dito gasto poderase imputar a partida 9200.2120005 do presuposto do ano 2017.

Polo anteriormente exposto, previo informe de Intervención, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aboar a Comunidade de propietarios de Balaidos nº 63, a cantidade de 1.358,22 €, en concepto de cuota de participación que lle corresponde, según a escritura de división horizontal (20%), polos traballos de arreglo da rampa de acceso ó garaxe e terreo colindante, debido ó estado de deterioro que ésta presenta, así como polo importe dos recibos de exanccios unificadas dos anos 2011 a 2015 ambos incluídos.

Dito gasto imputarase á partida 9200.2120005 do presuposto do ano 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(84).- DIETAS DAS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE AVALIAR AS PROBAS DE ALGUACIL (OEP 2010-2011, 2ª FASE). EXPTE. 28106/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/02/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Alguacil, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 379,44 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, procedéndose a recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades nela reflectidas.

O expediente someteuse a fiscalización previa xerándose RC nº 201700010105 polo importe de 379,44 euros.

Á vista de todo o exposto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e, a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade dunha praza de Alguacil, correspondente á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 379,44 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa e con cargo á RC nº 201700010105:

D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente titular, ((núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. Manuel Ángel Córdoba Ardao, secretario titular (nº persoal 76266), con DNI nº 36.077.543-L , dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. Xosé Vicente Comesaña Trigo, vogal (núm. Persoal 21798), con NIF 42.792.843-D, dúas asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 73,44€.

Dª. Rosa Mª Sancecilio Viéitez, vogal (nº persoal 22094) con NIF 36.053.090-S, dúas asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 73,44€.

Dª. Mª Ángeles González Peinado, vogal (nº persoal 79495) con NIF 36.091.980-N , dúas asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 73,44€.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(85).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTO NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 29226/220.

Visto o informe de fiscalización do 9/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 27 de decembro de 2016, a Xefa do Servizo de Benestar Social, coa conformidade do Xefe da Área e da Concelleira-Delegada da área de Política Social, remite oficio, no que expoñen as necesidades inmediatas de persoal, reiterando a necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo.

En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 04 de xaneiro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da súa Xefa do Servizo que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 27 de decembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 20 de xaneiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social, subgrupo A2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contida no escrito do 13/08/16, en consecuencia, autorizar o gasto por 56.006,04€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como Diplomadas en traballo social, por un período máximo de seis meses, á D^a. M^a JULIA SOUTO TABOADA, DNI 44.082.107-P, D^a. TANIA GARCÍA VILA, DNI 35.472.937-Z e, D^a. CARMEN MOREIRA SOUTO, DNI 36.110.318-L na súa condición de aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na bolsa de emprego autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 02/05/2011 e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do

Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, ao Xefe do Servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Non obstante, a medio de escrito de data 03 de febreiro actual, núm. rexistro 170014489, unha das candidatas nomeadas, D^a. M^a. Julia Souto Taboada, DNI 44.082.107-P, solicita a súa renuncia voluntaria ao chamamento aceptado con data 09/01/17 por mellora de emprego, polo que é necesario proceder ao nomeamento interino dun/dunha novo/a traballador a maior brevidade posible.

Consta no expediente de aprobación deste expediente a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer das tres funcionarias interinas nomeadas.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de

funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- *Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

3.- *Solicitudes e documentación complementaria.*

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

b) Documentación :

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Matrícula gardería.*

c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución,

neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a lista de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirer a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

- TRAMO I - Menos de 27.000 €
- TRAMO II - De 27.001 € a 30.000 €
- TRAMO III - De 30.001 € a 38.000 €
- TRAMO IV - De 38.001 € a 50.000 €
- TRAMO V - Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

| CLAVES | TRAMO 5 | TRAMO 4 | TRAMO 3 | TRAMO 2 | TRAMO 1 |
|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| CLAVE 1 | 30€ | 40€ | 70€ | 130€ | 160€ |

| | | | | | |
|---------|-----|-----|------|------|------|
| CLAVE 2 | 40€ | 50€ | 100€ | 170€ | 190€ |
| CLAVE 3 | 80€ | 90€ | 180€ | 250€ | 300€ |

| | |
|---------|------------------------------------|
| CLAVE 1 | GARDERIAS E PREESCOLAR |
| CLAVE 2 | PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC. |
| CLAVE 3 | UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR |

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan mingoados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mes-

mo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

II.- No artigo 7 do regulamento contémplase que:

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esta-

blecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada a Área de Recursos Humanos e Formación, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que a Área de Recursos Humanos e Formación informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudio, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2017, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 430.000,00 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 27/12/2016 e remitida a esta Área de Recursos Humanos e Formación en data 09/01/2017 e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas de estudos 2016-2017 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo

Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220-publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO **CONDICIÓNS XERAIS**

1.- Ámbito persoal e beneficiarios.

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, e fillos/as menores de 25 anos , que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede

física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregárase a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Matrícula gardaría.

c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

- TRAMO I - Menos de 27.000 €
- TRAMO II - De 27.001 € a 30.000 €
- TRAMO III - De 30.001 € a 38.000 €
- TRAMO IV - De 38.001 € a 50.000 €
- TRAMO V - Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

| CLAVES | TRAMO 5 | TRAMO 4 | TRAMO 3 | TRAMO 2 | TRAMO 1 |
|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| CLAVE 1 | 30€ | 40€ | 70€ | 130€ | 160€ |
| CLAVE 2 | 40€ | 50€ | 100€ | 170€ | 190€ |
| CLAVE 3 | 80€ | 90€ | 180€ | 250€ | 300€ |

| | |
|---------|------------------------------------|
| CLAVE 1 | GARDERIAS E PREESCOLAR |
| CLAVE 2 | PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC. |
| CLAVE 3 | UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR |

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

22(92).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO , VIXILANCIA E CONTROL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE-ZOO. EXPTE. 29225/220.

Visto o informe de fiscalización do 9/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo en escritos de datas 30 de setembro e 19 de decembro de 2016, conformados pola Concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable,

solicita a contratación ou nomeamento interino de cinco oficiais coidadores/as debido á necesidade urxente de cubrir as necesidades básicas para o mantemento do Parque a causa da falta de persoal.

En resposta a esta petición o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 04 de xaneiro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local dun/dunha oficial coidador/a mantemento, vixianza e control por acumulación de tarefas solicitados, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Parque Zoolóxico contidas nos escritos de petición.

En cumprimento do ordenado, con data 07/02/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 689-Oficial coidador/a, mantemento, vixianza e control), adscrito ao Servizo de Vigo-Zoo, cód. 612 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá e/ ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento para o presente ano 2017.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de petición tanto do Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/01/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, ao tratarse dunha competencia que aínda sendo distinta das propias e das atribuídas por delegación, non se entenderá como exercicio de novas competencias, ao consistir na continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, ao amparo do disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, dacordo co establecido na Instrución 1/2014 da Intervención Xeral Municipal e nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de

agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220).

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Directora de Ingresos, conformado polo Concelleiro-Delegado de Orzamentos e Facenda, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun oficial coidador/a para Vigo-Zoo, supón un gasto de 11.835,12€, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.876,00€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 689-Oficial coidador, mantemento, vixianza e control), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá e/ ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segun consta no informe técnico-económico, neste intre a única lista de substitucións vixente nesta categoría profesional foi aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, na sesión de 27/12/2013, figurando na acta do tribunal de data 17 de xuño de 2014 a correspondente proposta de

contratación das dúas primeiras aspirantes da lista, D^a. Ana Vázquez Iglesias e D^a. Cristina González Álvarez, que formalizaron contrato laboral temporal de relevo en data 02 e 01 de xullo de 2014, estando previsto o seu remate en datas 02 e 11 de outubro de 2017.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 8 aspirantes que integran a lista de vinculacións temporais segundo as bases da convocatoria.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 07/02/2017, seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como oficial coidador/a de vixilancia, mantemento e control do aspirante que figura na posición núm. 1- Ramos Martínez, Ivan Julio, DNI 53.300.224-R, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que o aspirante proposto, Sr. Ramos Martínez, prestou servizos neste Concello durante o período comprendido entre o 21/12/15 e o 20/06/16, como funcionario interino por acumulación de tarefas como oficial coidador, expte. 7032712, polo que dende o día 21 de decembro de 2016, data no que cumpriu o período mínimo de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento, está en condicións de ser novamente nomeado.

Asimesmo, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores, esixírase con carácter previo á toma de posesión, a certificación negativa do Rexistro de Delinquentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia do nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial coidador/a de vixilancia, mantemento e control de Vigo-Zoo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo-Zoo, contida nos escritos remitidos polo Director de Réxime Interior de Vigozoo conformados pola concelleira-de Medio Ambiente e Vida Saudable de datas 30 de setembro e 19 de decembro de 2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 11.835,12€, xunto cos custes de Seguridade Social reflectidos nos informes

técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. IVAN JULIO RAMOS MARTÍNEZ, DNI 53.300.224-R, na súa condición de seguinte aspirante que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficiais coidadores/as de vixilancia, mantemento e control de Vigo-Zoo, incluídas na relación dos/as 8 aspirantes que integran a lista de vinculacións temporais que consta en acta do tribunal de data 17 de xuño de 2014 segundo as bases da convocatoria, aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, en sesión do 27/12/2013, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Con carácter previo á toma de posesión, deberán achegar a certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do EBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 689-Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia de Vigo-Zoo, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do traballador nomeado desenvolverase de luns a domingo dacordo coa xornada de Vigo-Zoo, en horario de mañá e/ou tarde atendendo ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Director de Réxime Interior de Vigo, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(93).- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DE SERVIZO DE VARIOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE: 29413/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/02/17, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, de data 13/01/17, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Ospio, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección), Cemiterios, Museos, Benestar Social, Educación, Normalización Lingüística, Área de RR.HH. e Formación, Vigozoo e Patrimonio.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un importe de 8.571,01€.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes aos períodos temporais consignados concrétese no

listado subseguinte -que comeza por D. Cobas Rey, Eugenio e que remata en D. González Sanmartín, Rafael.-:

| Nº Expte. | Servizo | Traballador | DNI | Nº Pers | Período | Importe | |
|---------------------------|-----------------------|---------------------------------|-----------------------------|------------|-------------------|-------------------|----------|
| 79003-250 | VÍAS E OBRAS | Cobas Rey, Eugenio | 36017739-S | 15467 | Decembro 16 | 190,95 € | |
| | | Salgueiro Piñeiro, Benigno | 36009349-C | 10694 | Decembro 16 | 176,13 € | |
| 79079-250 | | Oujo Gerut, Ventura | 36019537-L | 17740 | Decembro 16 | 239,02 € | |
| | | Villar Estévez, Raimundo | 36012815-J | 11682 | Decembro 16 | 298,87 € | |
| | | Berros Pérez, Alfonso | 32873182-H | 78966 | 3º Trimestre 16 | 110,47 € | |
| 3334-443 | | OSPIO | Ferro Mancho, Angel | 36072730-J | 79185 | Nov-dec. 16 | 554,23 € |
| | | | Lobato Cameselle, Ricardo | 35999817-X | 17489 | Nov-dec. 16 | 402,04 € |
| 3386-443 | | | Romero Gil-Delgado, Loreto | 36064307-P | 78929 | Nov-dec. 16 | 516,23 € |
| | | | Vázquez Rial, Ramón | 36022874-K | 13273 | Nov-dec. 16 | 522,50 € |
| 13669/13750-77 | | D.L.EMPREGO | Francisco J. Gutiérrez Orúe | 13894232R | 13920 | Outubro a dec. 16 | 101,70 € |
| 439/445/450-201 | CONSERXERÍA | Fernández Amil, Fernando | 36022162-E | 13706 | Outubro a dec. 16 | 514,71 € | |
| | | Yáñez Rodríguez, Julio | 36031496-H | 17822 | Outubro a dec. 16 | 846,07 € | |
| 160147482 | MOBILIDA- DE-SEG. | Roca Dafonte, José Manuel | 32429643-B | 15303 | Nov-dec. 16 | 364,80 € | |
| | | Rodríguez Caramés, José M. | 35.547.314-D | 15355 | Nov-dec. 16 | 317,68 € | |
| 160164357 | | Bacelos González, José | 36023371-N | 15480 | Nov-dec. 16 | 344,47 € | |
| 34290-502 | SERV.ECONÓM. | Fragua Jamardo, Vicente | 36036018-D | 15510 | Nov-dec. 16 | 433,58 € | |
| | | Fernández Pedreira, Enrique | 36042726-R | 11529 | Nov-dec. 16 | 369,93 € | |
| 34340-502 | | Comesaña Rial, Manuel | 36033647-F | 9550 | Nov-dec. 16 | 447,64 € | |
| | | Domínguez Vázquez, José M. | 36006131-E | 9361 | Nov-dec. 16 | 482,79 € | |
| | | González Campelos, Manuel | 35997315-S | 23656 | Nov-dec. 16 | 462,65 € | |
| 10935/10988/11 015-255 | CEMITERIOS | Rodríguez López, Adolfo | 36030284-W | 76430 | Outubro a dec. 16 | 319,20 € | |
| 160159392 | MUSEOS | Egea Torrón, Pilar | 50806376-C | 18543 | Decembro 16 | 3,42 € | |
| | | Rodríguez Fernández, Javier | 34967837-V | 80072 | Decembro 16 | 9,12 € | |
| 133796-301 | BENESTAR SO- CIAL | Martínez Ramos, Erea | 36157793E | 79557 | Outubro 2016 | 6,19 € | |
| 132712-301 | | Gómez García, M. Ángeles | 36063106A | 79143 | Novembro 2016 | 11,95 € | |
| 170012660 | EDUCACIÓN | Codesido Rodriguez, José Felipe | 36081823-K | 19399 | Nov-dec. 16 | 233,51 € | |
| 2143-334 | NORMAL.LIN- GUIST. | Souto González, Marta Patricia | 36054893-R | 23840 | Outubro a dec. 16 | 72,61 € | |
| 29060-220 | AREA RR.HH.E FORM. | Cabeza Pereiro, Isabel | 36114676F | 80660 | Xaneiro a dec. 16 | 74,96 € | |
| 170014903 | VIGOZOO | Carballo Villar, Fernando | 33280426-R | 83260 | Decembro 16 | 33,77 € | |
| | | Antonio Acuña Rodríguez | 52494657-D | 83240 | Decembro 16 | 21,28 € | |
| 19850-240 | PATRIMONIO | González Sanmartín, Rafael | 36034517A | 76086 | Xuño a agosto 16 | 88,54 € | |
| TOTAL | | | | | | 8.571,01 € | |

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

"Aprobar o gasto por un importe de 8.571,01€, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Cobas Rey, Eugenio e que remata en D. González Sanmartín, Rafael.-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

| Nº Expte. | Servizo | Traballador | DNI | Nº Pers | Período | Importe | |
|-----------------|----------------------------|-----------------------------|-----------------------|------------|-------------------|-----------------|----------|
| 79003-250 | VÍAS E OBRAS | Cobas Rey, Eugenio | 36017739-S | 15467 | Decembro 16 | 190,95 € | |
| | | Salgueiro Piñeiro, Benigno | 36009349-C | 10694 | Decembro 16 | 176,13 € | |
| 79079-250 | | Oujo Gerut, Ventura | 36019537-L | 17740 | Decembro 16 | 239,02 € | |
| | | Villar Estévez, Raimundo | 36012815-J | 11682 | Decembro 16 | 298,87 € | |
| 3334-443 | | OSPÍO | Berros Pérez, Alfonso | 32873182-H | 78966 | 3º Trimestre 16 | 110,47 € |
| | | | Ferro Mancho, Angel | 36072730-J | 79185 | Nov-dec. 16 | 554,23 € |
| | Lobato Cameselle, Ricardo | | 35999817-X | 17489 | Nov-dec. 16 | 402,04 € | |
| | Romero Gil-Delgado, Loreto | | 36064307-P | 78929 | Nov-dec. 16 | 516,23 € | |
| 3386-443 | | Vázquez Rial, Ramón | 36022874-K | 13273 | Nov-dec. 16 | 522,50 € | |
| 13669/13750-77 | D.L.EMPREGO | Francisco J. Gutiérrez Orúe | 13894232R | 13920 | Outubro a dec. 16 | 101,70 € | |
| 439/445/450-201 | CONSERXERÍA | Fernández Amil, Fernando | 36022162-E | 13706 | Outubro a dec. 16 | 514,71 € | |
| | | Yáñez Rodríguez, Julio | 36031496-H | 17822 | Outubro a dec. 16 | 846,07 € | |
| 160147482 | MOBILIDA-DE-SEG. | Roca Dafonte, José Manuel | 32429643-B | 15303 | Nov-dec. 16 | 364,80 € | |
| | | Rodríguez Caramés, José M. | 35.547.314-D | 15355 | Nov-dec. 16 | 317,68 € | |
| 160164357 | | Bacelos González, José | 36023371-N | 15480 | Nov-dec. 16 | 344,47 € | |
| 34290-502 | SERV.ECONÓM. | Fragua Jamardo, Vicente | 36036018-D | 15510 | Nov-dec. 16 | 433,58 € | |
| | | Fernández Pedreira, Enrique | 36042726-R | 11529 | Nov-dec. 16 | 369,93 € | |

| | | | | | | |
|---------------------------|--------------------|---------------------------------|------------|-------|-------------------|-------------------|
| | | Comesaña Rial, Manuel | 36033647-F | 9550 | Nov-dec. 16 | 447,64 € |
| 34340-502 | | Domínguez Vázquez, José M. | 36006131-E | 9361 | Nov-dec. 16 | 482,79 € |
| | | González Campelos, Manuel | 35997315-S | 23656 | Nov-dec. 16 | 462,65 € |
| 10935/10988/110 15-255 | CEMITERIOS | Rodríguez López, Adolfo | 36030284-W | 76430 | Outubro a dec. 16 | 319,20 € |
| 160159392 | MUSEOS | Egea Torrón, Pilar | 50806376-C | 18543 | Decembro 16 | 3,42 € |
| | | Rodríguez Fernández, Javier | 34967837-V | 80072 | Decembro 16 | 9,12 € |
| 133796-301 | BENESTAR SOCIAL | Martínez Ramos, Erea | 36157793E | 79557 | Outubro 2016 | 6,19 € |
| 132712-301 | | Gómez García, M. Ángeles | 36063106A | 79143 | Novembro 2016 | 11,95 € |
| 170012660 | EDUCACIÓN | Codesido Rodríguez, José Felipe | 36081823-K | 19399 | Nov-dec. 16 | 233,51 € |
| 2143-334 | NORMAL.LIN-GUIST. | Souto González, Marta Patricia | 36054893-R | 23840 | Outubro a dec. 16 | 72,61 € |
| 29060-220 | AREA RR.HH.E FORM. | Cabeza Pereiro, Isabel | 36114676F | 80660 | Xaneiro a dec. 16 | 74,96 € |
| 170014903 | VIGOZOO | Carballo Villar, Fernando | 33280426-R | 83260 | Decembro 16 | 33,77 € |
| | | Antonio Acuña Rodríguez | 52494657-D | 83240 | Decembro 16 | 21,28 € |
| 19850-240 | PATRIMONIO | González Sanmartín, Rafael | 36034517A | 76086 | Xuño a agosto 16 | 88,54 € |
| TOTAL | | | | | | 8.571,01 € |

Das seguintes partidas funcionais:

| NÚM. PARTIDA | SERVIZO | TOTAL |
|--------------|---------------------------------|-------------------|
| 1532 | Vías e Obras-O.S.P.I.O. | 1.995,00 € |
| 2410 | Desenvolvemento Local e Emprego | 101,70 € |
| 9200 | Conserxería | 1.360,78 € |
| 1330 | Mobilidade e Seguridade | 1.026,95 € |
| 9320 | Servizos Económicos | 2.196,59 € |
| 1640 | Cemiterios | 319,20 € |
| 3330 | Museos | 12,54 € |
| 2310 | Benestar Social | 18,14 € |
| 3230 | Educación | 233,51 € |
| 3341 | Normalización Lingüística | 72,61 € |
| 9201 | Area RR.HH. E Formación | 74,96 € |
| 3371 | Vigozoo | 55,05 € |
| 9330 | Patrimonio | 88,54 € |
| | TOTAL | 8.571,01 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(94).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2017. EXPTE. 1147/330.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe de data 7/02/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de XANEIRO de 2017.

SERVIZO: Área de Cultura

| Nº EXP. | CONCEPTO | PERCEPTOR | CIF/NIF | IMPORTE |
|-----------|--|------------------------------------|-----------|-------------|
| 15494/331 | Contratación do servizo de venda de entradas da programación organizada pola Área de Cultura no ano 2017 | TICKETEA S.L. | B85741312 | 17.000,00 € |
| 15495/331 | Contratación dunha función do espectáculo "A nena que quería navegar" o domingo 5 de febreiro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | REDRUM PRODUCCIONES S.L. | B70281894 | 1.306,80 € |
| 15496/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Non toques os meus círculos" da compañía Artello Teatro, o venres 10 de febreiro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | SANTIAGO ANTONIO MONTENEGRO CORREA | 36051051T | 708,00 € |
| 15497/331 | Contratación do deseño, edición e produción do material gráfico destinado á difusión da programación Vigocultura do primeiro semestre do ano 2017 | JULINDA MOLARES CARDOSO | 36084531S | 2.503,79 € |
| 15498/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Güela Güela" da compañía Galitoon, o domingo 19 de febreiro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | GALITOOON CSA 2005 S.L. | B15998966 | 1.089,00 € |
| 15499/331 | Contratación dunha función do espectáculo "O Furancho" da compañía Ibuprofeno Teatro, o venres 7 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | SANTIAGO CORTEGOSO CALVAR | 78735930F | 1.161,60 € |
| 15500/331 | Contratación dun pase do espectáculo "Fitness" da compañía Ibuprofeno Teatro para realizar como presentación da programación Vigocultura polas rúas da cidade | SANTIAGO CORTEGOSO CALVAR | 78735930F | 363,00 € |
| 15502/331 | Reserva de crédito para atender os pagamentos derivados dos dereitos de autor da programación de música, teatro e danza Vigocultura 2017 | | | 6.000,00 € |
| 15503/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Unhas poucas picadelas" de Teatro de Ningures, o venres 3 de marzo, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | NINGURES PRODUCCION S.L. | B36302784 | 1.320,00 € |
| 15504/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Soño dunha noite de verán" da compañía Voadora, o venres 10 de marzo, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | MARTA PAZOS ANTAS | 44086319B | 3.900,00 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | PERCEPTOR | CIF/NIF | IMPORTE |
|-----------|--|----------------------------------|-----------|-------------|
| 15505/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Romeo y Julieta de bolsillo" da compañía Criolla, o venres 31 de marzo, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do concello, dentro da programación Vigocultura | EMILIA YAGÜE PRODUCCIONES S.L.U. | B82883463 | 2.468,40 € |
| 15506/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Resaca" da compañía Ilmaquinario Teatro, o venres 17 de marzo, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | ILMAQUINARIO TEATRO S.L. | B32463713 | 2.340,00 € |
| 15507/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Valados" da compañía Artestudio Teatro, o domingo 23 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL S.L. | B70206008 | 1.350,00 € |
| 15508/331 | Contratación dun concerto de Radio Cos o venres 3 de febreiro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | MAR MAIOR PRODUCCIÓN S.L. | B27434257 | 2.178,00 € |
| 15509/331 | Reserva xenérica de crédito para mantementos e reparacións en bibliotecas públicas | | | 12.000,00 € |
| 15510/331 | Reserva xenérica de crédito para a subministración de materiais para bibliotecas públicas | | | 6.000,00 € |
| 15511/331 | Reserva xenérica de crédito para reparación de maquinaria, instalacións e utilaxe en bibliotecas públicas | | | 2.000,00 € |
| 15512/331 | Reserva xenérica de crédito para traballos e servizos técnicos nas bibliotecas públicas | | | 1.000,00 € |
| 15513/331 | Reserva xenérica de crédito para a subministración de gasoleo para a caldeira de calefacción da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel | | | 3.000,00 € |
| 15514/331 | Contratación de tres pases do espectáculo "Tripula" da compañía Farrés Brothers i Cía., o domingo 26 de febreiro, ás 12, 16 e 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | AGADA S.L. | B05128764 | 2.340,00 € |
| 15515/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Sirenita" da compañía La Canica, o domingo 2 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | EVA SORIANO ENRÍQUEZ | 52985213K | 1.446,60 € |
| 15516/331 | Contrato para o servizo de mantemento dos ascensores da Biblioteca Juan Compañel e da Casa Galega da Cultura | ASCENSORES ENOR, SA | A36650992 | 4.356,00 € |
| 15517/331 | Contrato para o servizo de mantemento das instalacións de climatización das bibliotecas do servizo de Cultura | VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU | A15208408 | 5.251,40 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | PERCEPTOR | CIF/NIF | IMPORTE |
|-----------|---|--|-----------|------------|
| 15518/331 | Contrato para o servizo de mantemento da porta automática da Biblioteca Juan Compañel | PUERTAS ATLANTICO, SA | B36826162 | 191,18 € |
| 15519/331 | Contrato para o servizo de mantemento das liñas de vida e seguridade de instalacións culturais | ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRUCTOR | B36476612 | 640,00 € |
| 15520/331 | Contrato para o servizo de mantemento do grupo electróxico da Biblioteca Juan Compañel | ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO | B36977254 | 460,00 € |
| 15521/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Os limpa limpa", da compañía Expresións Producións, o comingo 12 de febreiro, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | MANUEL SOLLA BARRAGANS | 35304618D | 597,00 € |
| 15522/331 | Contratación dunha función do espectáculo "O poder de Amabel" da compañía Pérez&Fernández, o domingo 9 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | VICTORIA PÉREZ VARELA | 46897174J | 900,00 € |
| 15523/331 | Contratación dunha función do espectáculo "O conto da azuzaina" da compañía Limiar Teatro, o domingo 5 de marzo, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do concello, dentro da programación Vigocultura | CARLOS MARTÍNEZ CARBONELL | 23991885F | 1.197,60 € |
| 15524/331 | Reserva xenérica de crédito para a subministración de material de oficina | | | 500,00 € |
| 15525/331 | Contratación dunha función do espectáculo "A cabeza do dragón" da compañía Producións Teatráis Excéntricas, o venres 21 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS | B15928377 | 3.049,20 € |
| 15526/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Emoticores" da compañía Las Tricotouses, o domingo 12 de marzo, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | CRISTINA MONTERO GARCÍA | 32693832E | 885,00 € |
| 15527/331 | Contratación de dous pases do espectáculo "O aloumiño dunha estrela" da compañía Avoa Youja, o domingo 19 de marzo, ás 12 e 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | MARTA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ | 76827935T | 758,00 € |
| 15528/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Rubicundo" da compañía Ghazafelhos, o domingo 26 de marzo, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | GHAZAFELHOS S.C. | J70356506 | 839,99 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | PERCEPTOR | CIF/NIF | IMPORTE |
|-----------|---|---|-----------|------------|
| 15529/331 | Contratación de dúas funcións do espectáculo "Eroski Paraíso" da compañía Chévere, os días 17 e 18 de febreiro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | CHÉVERE PRO- DUCIÓNS S.L. | B15636517 | 5.517,60 € |
| 15530/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Solitudes" da compañía Kulunka Teatro, o venres 24 de marzo, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | KULUNKA TEA- TRO S.L. | B75044974 | 3.484,80 € |
| 15531/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Voaxa e Carmín" da compañía ButacaZero, o venres 24 de febreiro, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | MARÍA ESTHER FERNÁNDEZ CA- RRODEGUA | 52954582J | 2.098,20 € |
| 15532/331 | Contratación dunha función do espectáculo "Eva y Adán" da compañía Otradanza, o domingo 30 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello, dentro da programación Vigocultura | OTRADANZA S.L. | B54324298 | 1.270,50 € |
| 15533/331 | Reserva xenérica de crédito para imprevistos de artes escénicas | | | 3.000,00 € |
| 15534/331 | Contratación do servizo de produción técnica da programación desenvolvida no Auditorio Municipal, enmarcada dentro do programa Vigocultura entre febreiro e abril de 2017 | PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTU- RAL S.L | B36743755 | 8.201,21 € |
| 1105/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA TRABALLOS E SERVIZOS TÉCNICOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO | | | 4.000,00 € |
| 1106/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTO E REPARACIÓNS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO | | | 3.000,00 € |
| 1107/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE REPARACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS DE DEPENDENCIAS CULTURAIS | | | 3.000,00 € |
| 1108/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA ADQUISICIÓN DE PRENSA E REVISTAS | | | 1.000,00 € |
| 1109/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE MENSAXERÍA E DISTRIBUCIÓN DA ÁREA DE CULTURA | | | 1.000,00 € |
| 1110/330 | AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE CARROS ELECTIVOS (CULTURA) | | | 2.000,00 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | PERCEPTOR | CIF/NIF | IMPORTE |
|----------|---|--|-----------|-------------|
| 1112/330 | CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DE AXENDA CULTURAL PARA INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN | ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. | B36614808 | 4.356,00 € |
| 1113/330 | CONTRATACIÓN DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS DE AXENDA CULTURAL NO SUPLEMENTO DOMINICAL DE "LA REGIÓN" DURNTE O EXERCICIO 2016, O DERRADEIRO DOMINGO DE CADA MES | LA REGIÓN, S.A. | A32000325 | 21.174,95 € |
| 1114/330 | CONTRATACIÓN DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS COA AXENDA CULTURAL NO SUPLEMENTO DOMINICAL "VIDA" DE ATLÁNTICO DIARIO | RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (ATÁNTICO DIARIO) | A36643674 | 15.391,20 € |
| 1115/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN E PROMOCIÓN DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS NA WEB "VIGOCULTURA.ORG" | HERMES SISTEMAS, S.L. | B27737352 | 19.456,80 € |
| 1116/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN CULTURAL NA WEB | HERMES SISTEMAS, S.L. | B27737352 | 10.890,00 € |
| 1117/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA EDICIÓN DE MATERIAL DE DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS | | | 6.000,00 € |
| 1121/330 | SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016 | CELTSENER, S.L. | B3642290 | 1.184,04 € |
| 1124/330 | RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA GASTOS DE ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS (CULTURA) | | | 1.000,00 € |
| 1125/330 | AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA GASTOS DE DIETAS DE CARGOS ELECTIVOS (CULTURA) | | | 500,00 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

25(95).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS". EXPTE.1111/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/02/17, dáse conta do informe-proposta do 31/01/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo secretario de Admón. Municipal, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contrados das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 14 de marzo de 2014 acordou (expte. 14147-331):

Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca pública municipal Xosé Neira Vilas (expediente 14147-331) por un prezo total de 762.300,00 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 132.300,00 €, e a aportación das seguintes melloras:

- *20 equipos informáticos coas características técnicas mínimas descritas no apartado 8.B.2.1. da FEC, valorados en 10.000 €, para substituír aos que están actualmente en uso na biblioteca no curso dos tres primeiros anos do contrato.*
- *1 dispositivo conta-persoas WIFI coas características técnicas mínimas descritas no apartado 8.B.2.2 da FEC.*
- *Sistema de calidade específico para a biblioteca: Norma ISO 9001*
- *Novos dispositivos electrónicos portátiles para o mellor funcionamento do servizo:*
 - *2 e-readers*
 - *1 ipad*
 - *4 reproductores mp4*
- *Servizo de reprografía e impresión de documentos de forma gratuíta ata un máximo de 10 copias en branco e negro por usuario/día.*
- *Horario de apertura: incremento dunha hora/semanal sobre o mínimo previsto de 5, adicada a traballo interno, visitas guiadas e cursos. Total 6 horas semanais de horario restrinxido e 35 horas/semanais de apertura ó público.*
- *Incorporación na colección de novos centros documentais de interese (seccións temáticas):*
 - *Vigo*
 - *Bibliolabora*
 - *Cociña e nutrición*

- *Novas propostas de actividades de extensión cultura bibliotecaria:*
 - *Puntos de lectura na cidade*
 - *Campaña de doazón de libros por material escolar*
 - *Estoxos: Coñece o teu barrio*

- *No Plan de Comunicación, un maior desenvolvemento do marketing online:*
 - *Marketing de contido: actualización do blog*
 - *Email marketing de permiso: actualización de newsletter*
 - *Códigos QR*
 - *Sitio Web*
 - *Mellora no posicionamento e obtención de resultados de búsquedas SEO e SEM*
 - *SMO (Optimización Social Media). Redes sociais*
 - *Vídeo Social*

- *Melloras dos recursos humanos e perfil profesional adscrito á prestación*
 - *Equipo humano:*
 - *1 director-coordinador do proxecto bibliotecario*
 - *1 técnico de bibliotecas*
 - *2 auxiliares técnicos de bibliotecas*
 - *Maior titulación da esixida: 3 persoas con titulación superior e unha con formación profesional de grao superior*
 - *Persoal especializado en community management*

- *Outros útiles e medios tecnolóxicos de apoio:*
 - *Software OPEN ERP*
 - *Adobe Creative Suite CS6*
 - *MaxBulk Mailer*
 - *FileMaker ProcedenteNetwork Attached Storage*
 - *Bright Autor*

O adxudicatario destinará ás prestacións que se indican as seguintes coantías desglosada, ofertadas dentro do prezo total do contrato:

| | |
|--|------------------|
| <i>Actividades de extensión cultural e bibliotecaria</i> | <i>72799,65</i> |
| <i>Difusión e comunicación</i> | <i>83548,08</i> |
| <i>Subscricións</i> | <i>14483,7</i> |
| <i>Fondos</i> | <i>65.329,11</i> |
| <i>Mantemento xeral dos equipos técnicos de funcionamento bibliotecario (préstamo automatizado, equipos e programas informáticos, etc)</i> | <i>14483,7</i> |
| <i>Biblioteca dixital (plataforma tecnolóxica de préstamo máis fondo editorial)</i> | <i>29043,63</i> |

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2. Con data 3 de abril de 2014, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L. cun prazo de execución de tres anos, a contar dende a data de sinatura, e tres prórrogas dun ano de duración cada unha

3. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral, nº 170004153 de data 12 de xaneiro de 2017, D. Celso Figueroa Suárez en nome e representación da mercantil LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L., presta a súa conformidade á prórroga do contrato.

4. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 16 de xaneiro de 2017, dispoñendo se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

5. Esta xefatura informa que a empresa LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L. ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- Regula o art. 303.1 do TRLCSP, respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, aislada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.

2.- En liña co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de éstas, e que na concurrencia para a súa adxudicación realizouse tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga. Así mesmo, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse por consentemento tácito das partes.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 3 de abril de 2014, como a cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartados 4.a) e 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de tres anos naturais dende a data de sinatura, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha, previo acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 nos concelleiros delegados de Área. A tal fin consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 16 de xaneiro de 2017 autorizando o inicio deste expediente de prórroga do contrato.

5. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previo informe da Intervención Xeral, coas conformidades do secretario de Administración Municipal, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (expediente 14147/331), polo período dun ano, é dicir, dende o día 3 de abril de 2017 ao 2 de abril de 2018, polo importe total de douscentos cincoenta e tres mil douscentos sete euros con oitenta e cinco céntimos (253.207,85 €), ive engadido.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de douscentos cincoenta e tres mil douscentos sete euros con oitenta e cinco céntimos (253.207,85 €), ive engadido, a favor de LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L. (CIF B15648595), con cargo á partida 3321.227.99.10 “Funcionamento da Biblioteca M. Garrido”, do cal corresponden:

- Ano 2017: 188.499 € período do 3 de abril ao 31 de decembro.*
- Ano 2018: 64.708,85 €, período do 01 de xaneiro ao 2 de abril.*

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(96).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 6582/104.

Visto o informe de xurídico do 9/02/17 e o informe de fiscalización do 10/02/17, dáse conta do informe-proposta do 8/02/17, asinado pola técnica de Actividades Turísticas, a concelleira-delegada de Turismo e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 2 de xaneiro de 2017 a directora-xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2017.

No pasado exercicio económico 2016, a achega económica do Concello de Vigo á FVCB xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral por importe de 135.000€, e que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 13 de maio de 2016. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de data 4 de maio, 5 de maio e 23 de maio de 2016.

O obxecto do expediente correspóndese con materias de competencia propia atribuída a Entidade Local. De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Lei Xeral de subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicacións achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.

A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade da FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

As fundacións do sector público estatal definidas na Lei de Fundacións forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria.

A FVCB é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de acordo a Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2017 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.*
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.*
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.*
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.*
- Os rendementos do seu patrimonio.*
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.*
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.*

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.*
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.*
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.*
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.*
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.*
- Promoción da cidade como destino MICE.*

A FVCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na última reunión do padroado, o plan de traballo que reflicte como obxectivo conexo “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2017 e aporta o número de conta bancaria.

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.*
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.*
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.*
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas de dereito público na vía de constrinximento, pendente de pagamento co Concello de Vigo.*

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB.-

Ata o ano 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á FVCB víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 19 de xuño de 2015, establece na Concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión de uso da oficina sita en Cánovas del Castillo, 3 , Of. 4, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa FVCB.

Por todo o antedito e coas conformidades da Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo e tras informes do Secretario da Administración Municipal e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.-Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 135.000€ (cento trinta e cinco mil euros), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- Primeiro pago de 65.000€, ingresado tralo acordo da Xunta de Goberno Local.
- Segundo pago de 40.000€, ingresado na segunda quincena de xuño do 2017.
- Terceiro pago de 30.000€, ingresado na segunda quincena de novembro do 2017.

2.-A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 4320.4890000 "Aportación Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.-A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.-

O Decreto de delegacións de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015 establece na Concelleira-delegada da Área de Festas Turismo, entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: "Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.-

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB, entre as súas funcións destaca segundo o art.15,"aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

1.- Desenvolver o programa de actividades aprobado polo seu Padroado, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio presupostario.

2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas

3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública a financiación recibida do Concello de Vigo

4.- Colaborar co Concello de Vigo – Turismo de Vigo en cantas actuacións turísticas realice.

5.- Comunicar ao Concello de Vigo coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB e colaborar na súa viabilidade

2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN.

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é o servizo municipal de turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2017.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO RPOGRAMA.

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visibilización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo e posicionarase en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concellería-delegada da área de Festas e Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB.

A FVCB achegará á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de novembro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na segunda quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVBC, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

SÉTIMA.-

Ao tratarse a FVCB dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán aportar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014 de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último, a Fundación ten a obriga de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período

medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(97).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O “FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2017”. EXPTE. 6577/104.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Actividades Turísticas, de data 8/02/17, conformado pola concelleira-delegada de Turismo, que di o seguinte:

A festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia en 2004, conta cun grande arraigo popular no seu contorno. Celébranse distintos actos, entre os que destacan o pregón, a regata internacional de faluchos (embarcacións tradicionais de vela latina), a procesión e o Festival Poético Piro-Musical “Cidade de Vigo - Vila de Bouzas”, que adoita retransmitir en directo Televisión de Galicia.

Dende o servizo de Festas, apróbase cada ano un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a confradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, para a organización do acto de apertura do festival poético piromusical de Bouzas, que cargarse á partida 3380.489.0011 do Servizo de Festas. O Concello comprométese a conceder una subvención por importe de 8.100,00€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura do Festival poético-piromusical Cidade de Vigo- Vila de Bouzas”.

En data 29 de decembro a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOGA Nº13, a RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.

PROPOSTA

- 1. Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do “Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2017”, ao abeiro da convocatoria da Axencia de Turismo de Galicia por importe de 4.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, Resolución de 29 de decembro de 2016, DOG Nº13 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico para Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*
- 2. O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 8.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2017.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(98).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez